

## COLEXIO NOVO ¿Realidade ou tomadura de pelo ?

No ano 2006 a ANPA do CEIP Fco. Vales Villamarín emitiu un boletín informativo onde se reclamaba como imprescindible e inaprazable a construción dun NOVO COLEXIO que paliara os graves problemas de masificación existentes nese momento. **6 anos despois** a situación pasou de imprescindible e inaprazable a vergoñenta e indefendible.

A coherencia e a sensatez sempre foi a forma de actuar desta ANPA e máxime nestes momentos de crise. Pero a situación tornase insostible de non tomar medidas **XA**, como xa recoñeceron o mismísimo Presidente da Xunta de Galicia e o seu Conselleiro de Educación, pasando por tódolos partidos políticos locais de Betanzos. Coherencia e sensatez si, pero **ESIXIR os nosos dereitos tamén.**

A Xunta de Galicia comprometeuse, o ano pasado, a que o novo colexio estivese operativo para o inicio do curso que vén (2013-14) e agora xa fala de que non será ao inicio, senón durante. Somos coñecedores de que se están a dar pasos, pero son tan curtos que temémonos o peor.

Dentro duns poucos días pasarán por Betanzos tódolos aspirantes a presidir a Xunta de Galicia, na procura do noso voto. Pedímoslle aos políticos locais que esixan aos seus líderes, diante de todos os brigantinos, o seu compromiso inequívoco co colexio novo. Queremos que se nos garanta que a partida económica necesaria para finalizar o colexio o ano que vén se incluíra nos orzamentos que se van elaborar nestes meses por parte de Xunta de Galicia.

Pedímoslle aos políticos que actúen, pero á xente de Betanzos tamén lle pedimos que teña en conta a construción do colexio novo cando vaia a depositar a seu voto na urna.

## Logros pasados

- ✓ Servizo de Comedor e Mañanceiros
- ✓ Acompañante nos buses escolares
- ✓ Atención oficial por parte das Direccións do colexios, aos nenos/as que viaxan no transporte escolar, dende que chegan ao colexio ata que comezan as aulas.
- ✓ Gratuidade de libros por parte da Xunta de Galicia, no período 2005-2009 (anulado no período 2009-2012 polo último goberno da Xunta de Galicia)
- ✓ Compromiso de construción dun novo colexio
- ✓ Compromiso da Consellería de Educación de renovar todos os aseos do colexio de primaria a finais de ano.
- ✓ Implantación dos Simulacros de Evacuación.
- ✓ Denegación de licenza para a construción dunha gasoleira a 50 mts do colexio.
- ✓ Remodelación Salón de Actos (finais deste ano)
- ✓ Remodelación parcial de mobiliario
- ✓ Aumento de ordenadores e pantallas dixitais
- ✓ Maior implicación do Concello na educación Infantil e Primaria.
- ✓ Formación dirixida a nais e pais

## Tarefas futuras

- Construción dun novo Colexio de Infantil que estea operativo para o curso 2013-2014
- Reforma integral do actual Edificio de Primaria



## COMEDOR e MAÑANCEIROS

O servizo de comedor e mañanceiros é un servizo que veñen ofertando as asociacións de nais e pais, ante o desentendemento tanto da Xunta de Galicia, como dos concellos. No caso do CEIP Fco. Vales Villamarín é a nosa ANPA quen ofrece este servizo, a través dun convenio coa Federación de ANPAS de colexios públicos de A Coruña.

O servizo funciona durante tódolos días lectivos do curso.

— Comedores en horario de 14:00 a 16:00.

— Mañanceiros en horario de 7:30 a 9:00 da mañá.

Tódolos alumnos do colexio teñen dereito a usar este servizo, con independencia de que sexan ou non socios da ANPA.

As taxas de uso de comedor e mañanceiros constan dunha matrícula, un seguro por parte da empresa contratada e o abono mensual das comidas ou servizo utilizado. Os socios do ANPA están exento do pago da matrícula.

Tanto comedor como mañanceiros ofertan as modalidades de usuarios fixos e esporádicos.

Dentro da oferta de mañanceiros, atopamos:

- Servizo de gardería con almorzo
- Servizo de gardería sen almorzo

Se necesitas máis información sobre estes servizos, consulta o noso blog ou pregunta polos responsables do comedor na Secretaría do Colexio.



## Asemblea ANPA

### Inicio de curso 28 de setembro ás 20:00

O venres 28 de setembro, ás 20:00, en 2ª convocatoria, vaíse celebrar a reunión de inicio de curso da ANPA Brigantium.

A asemblea está aberta a todas as nais e pais do colexio, sexan ou non socios desta ANPA.

Dende a xunta directiva queremos agradecer por adiantado o compromiso de todos os asistentes, neste curso que se presenta moi difícil.

P.D. A acta da asemblea anterior está a vosa disposición, na porta principal do colexio e no noso blog

## Actividades extraescolares

Dende o 12 ao 19 de setembro estará aberto o prazo de matriculación nas actividades extraescolares organizadas para este curso, tal e como se reflicte na folia de inscrición que se vos enviou, a través dos vosos fillos.

Se por algún motivo algún de vós non a recibira, podedes conseguila a través do noso blog ou pedindo unha copia na Secretaría do Colexio.

Pedirvos, simplemente, que leades con atención a parte baixa da folia onde se informa sobre o período de inscrición e o custe das actividades.

Únicamente levaranse a cabo aquelas actividades ofertadas que teñan un número mínimo de asistentes

As actividades comezarán o luns 1 de Outubro e rematarán a finais de Maio.

## Como facerse socio/a da ANPA

**Cando?** do 1 de xuño ao 15 de novembro

**Como?** Cumprimentando a folia de inscrición de socios que podes atopar na Secretaría do colexio e no noso blog, a partir do 1 de xuño.

Ao igual que se veu facendo ano tras ano, lembramos aos socios do curso 2011-2012, que queiran seguir con nós, a súa obriga de volver a cumprimentar a folia de inscrición de socio para este curso 2012-2013

**Canto?** 10€ por familia e ano

**Vantaxes?**

- ✓ **Matricula** Servizo de Comedor e Mañanceiros gratuita ..... (20€ de aforro).
- ✓ **Descontos** nas actividades extraescolares planificadas ..... (20€ de aforro por actividade).
- ✓ **Descontos** en outras actividades de pago organizadas pola ANPA.
- ✓ **Descontos** en 17 establecementos de Betanzos (*ver establecementos no noso blog ou na porta principal do colexio*)
- ✓ Voz no consello escolar a través da ANPA.
- ✓ Asesoramento escolar.

## 3 razóns + para pertencer á nosa ANPA

- Porque é a nosa responsabilidade educar aos nosos fillos e fillas.
- Porque un movemento de pais e nais agrupados fan que as iniciativas e peticións destes sexan vistos con maior respecto, polas Administracións
- Porque todos somos necesarios para mellorar a calidade de vida para os nosos fillos e fillas.

Boletín para os pais/nais

setembro 2012

## Actividades Extraescolares deportivas e culturais

Baloncesto, Ximnasia Rítmica  
Karate, Psicomotricidade  
Atletismo, Tiro con Arco  
Patinaxe, Fútbol Sala  
Banda de Música  
Cociña Creativa  
Teatro, Baile

Inscrición do 12 ao 19 de setembro,  
ambos inclusive

Consulta máis información no noso blog

<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>

facebook: [anpabrigantium](#)

[anpabrigantium@gmail.com](mailto:anpabrigantium@gmail.com)



CONCELLO DE BETANZOS  
CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN

ANPA Brigantium